

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 5 de abril de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

A eliminación das desigualdades entre homes e mulleres é un obxectivo prioritario da Unión Europea desde a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdám no que se recolle o compromiso formal de considerar a igualdade entre homes e mulleres como un obxectivo horizontal chamado a integrar a totalidade das políticas da Comunidade. Este compromiso veuse articulado a través do desenvolvemento de normas específicas como a Directiva 76/207/CEE sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no emprego e condicións laborais, as resolucións do Consello do 12 de xullo de 1982, sobre a promoción da igualdade de oportunidades para as mulleres e do 18 de novembro de 1984, relativa á promoción de accións positivas a favor das mulleres ou os programas de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades, entre outras.

A Constitución española no seu artigo 14º prohibe expresamente calquera discriminación por razón de sexo, e no artigo 9º.2 formula o mandamento expreso aos poderes públicos para que promovan as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas.

Polo que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4º da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, establece que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

En desenvolvemento destas competencias asumidas polo Estatuto, promulgáronse a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e mais a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Estas tres leis recoñecen o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, de prevención e erradicación da violencia de xénero, e para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social, establecendo que a

Administración autonómica colaborará coas entidades locais para estes efectos.

Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, prevé no seu artigo 57º a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e a Administración das comunidades autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común.

O Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, na redacción dada polo Decreto 215/2010, do 16 de decembro, establece no seu artigo 4º.1 a) que lle corresponde á Secretaría Xeral da Igualdade impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e na demais lexislación aplicable na materia.

É preciso conseguir que a sociedade tome conciencia da necesidade de avanzar na eliminación das desigualdades entre mulleres e homes que aínda persisten, así como da gravidade do problema da violencia de xénero. Deben transmitirse os valores da igualdade e da corresponsabilidade, do respecto e da eliminación da violencia nas relacións persoais. Tamén é necesario promocionar as actuacións destinadas á conciliación da vida persoal, familiar e laboral, de modo que se atope o necesario equilibrio entre os tempos dedicados ao traballo produtivo e ao traballo reprodutivo e para iso a coordinación interadministrativa revélase como un gran mecanismo para afianzar e amplificar os resultados das diferentes actuacións.

A Secretaría Xeral da Igualdade pretende con esta resolución apoiar e consolidar as actuacións que se están levando a cabo desde as administracións locais en materia de igualdade, conciliación e de prevención e eliminación da violencia de xénero, actuacións que pola proximidade á cidadanía e o coñecemento da situación específica de mulleres e homes poden resultar particularmente axeitadas para a consecución dos devanditos obxectivos.

Por outra banda, a Lei 7/2010, do 7 de outubro, suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, asumindo a Secretaría Xeral da Igualdade as súas funcións e competencias. Como consecuencia desta nova organización administrativa, razóns de coordinación e eficacia na xestión aconsellan a redacción dunhas bases comúns que rexan as convocatorias de axudas e subvencións que este departamento dirixa ás entidades locais, de modo que se facilite a súa consulta e manexo por parte das que estean interesadas nelas. Neste sentido, publícase íntegro o contido destas bases reguladoras, que deixan sen efecto as publica-

das polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller o 23 de xullo de 2010.

A convocatoria destas axudas axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño), no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia (DOG número 20, do 29 de xaneiro), no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG número 214, do 5 de novembro), na Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, e no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro) e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo (BOE número 176, do 25 de xullo).

Por todo o exposto, unha vez obtidos os informes preceptivos na tramitación, e autorizada por acordo do Consello da Xunta a concesión de anticipos de ata o 80% da subvención concedida, sen constitución de garantías, no uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto, réxime e convocatoria.*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión de axudas da Secretaría Xeral da Igualdade, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades locais de Galicia, destinadas a facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes, mediante a realización de actuacións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades e de trato, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural e á erradicación da violencia de xénero, as cales se desenvolverán a través dos seguintes programas:

a) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

b) Programa de fomento da conciliación.

c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM).

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas subvencións para o ano 2011.

Artigo 2º.-*Financiamento.*

1. Ás subvencións obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de 3.748.862 euros que se imputarán ás aplicacións orzamentarias que se indican, podendo estar cofinanciadas ao 80% con fondos FSE no Programa operativo de Galicia 2007-2013, eixe 2, tema prioritario 69 e, no caso da partida orzamentaria 04.40.313B.460.2, destinada especifica-

mente ao financiamento das accións de fomento e dinamización da cooperación entre os CIM, eixe 4, tema prioritario 80.

Aplicación	Código proyecto	Importe
04.40.312G.460.1	2011 00109	232.685 euros
04.40.313B.460.0	2011 00106	287.500 euros
04.40.313B.460.0	2011 00107	2.722.500 euros
04.40.313B.460.2	2011 00110	506.177 euros
Total		3.748.862 euros

2. De acordo co disposto no artigo 30º.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo; e no suposto previsto no artigo 25º.3 do dito regulamento. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que isto implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

3. O eixe 4 tema prioritario 80 financiará exclusivamente as funcións de fomento e dinamización da cooperación entre os CIM. Estas funcións serán desenvolvidas, preferentemente, por persoal contratado especificamente para iso. No caso de que as funcións de fomento e dinamización da cooperación se asignen a algún posto xa existente no CIM, a entidade solicitante indicará na ficha técnica (anexo VIII) a porcentaxe de horas imputadas ás ditas funcións e que en ningún caso poderá ser superior ao 20% da xornada laboral do dito posto.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As entidades presentarán unha solicitude, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5º das bases reguladoras, por cada programa a que concorran. Toda esta documentación presentarse obrigatoriedade nos modelos normalizados que se inclúen como anexos desta resolución.

2. Os formularios normalizados regulados nesta resolución publícanse no DOG; non obstante, poderanse obter, cubrir e imprimir a través da web <http://www.mulleresengalicia.es>

3. As solicitudes dirixiranse á Secretaría xeral da Igualdade e presentaranse preferentemente nos rexistros da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 4º.-*Instrución, avaliación e resolución do procedemento.*

A instrución, avaliación e resolución do procedemento axustarase ao establecido nas bases reguladoras destas axudas. O prazo para resolver será de catro meses, que se computará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5º.-*Lugar e prazos de presentación da xustificación.*

Para a xustificación das axudas concedidas, as entidades locais presentarán, con data límite do 30 de novembro de 2011 e nos lugares indicados no artigo 3º desta convocatoria, a documentación que sinala o artigo 16º das bases reguladoras.

Artigo 6º.-*Información ás persoas interesadas.*

Sobre os procedementos administrativos asociados a esta resolución, que teñen os códigos SI435A para as axudas correspondentes ao programa 1 do artigo 1º das bases reguladoras, SI435B para as axudas correspondentes ao programa 2 e SI427B para as axudas correspondentes ao programa 3 do devandito artigo, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Igualdade, nos servizos de igualdade das delegacións territoriais da Consellería da Presidencia, AAPP e Xustiza; a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <http://www.xunta.es/resultados-da-guia-do-cidadan>, ou da Secretaría Xeral da Igualdade, <http://www.mulleresengalicia.es>, do teléfono 981 54 53 51, no enderezo electrónico promocion.igualdade@xunta.es, ou presencialmente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A secretaria xeral da Igualdade ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-Quedan sen efecto as bases reguladoras das axudas a entidades locais para apoio aos centros de información ás mulleres aprobadas pola Resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller do 22 de xullo de 2010 (DOG nº 140, do 23 de xullo).

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2011.

Marta González Vázquez
Secretaría xeral da Igualdade

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás entidades locais para a promoción da igualdade

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das axudas.*

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto colaborar economicamente coas entidades locais na promoción das condicións necesarias para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes, apoiando a realización de actuacións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades e de trato, a participación social e política das mulleres e a erradicación da violencia de xénero. Para esta finalidade desenvolveranse os seguintes programas:

1. Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
2. Programa de fomento da conciliación.
3. Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM).

Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-*Compatibilidade das axudas.*

1. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado.

Non obstante os gastos financiados ao abeiro desta resolución non poderán acollerse a outras axudas procedentes do Fondo Social Europeo ou doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios.

2. O importe da subvención concedida non poderá, en ningún caso, en concorrencia con outras subvencións ou axudas, superar o custo da actividade que vai desenvolver a entidade solicitante.

3. No caso de entidades solicitantes que sexan receptoras doutras axudas para o mesmo fin concedidas por outra entidade, deberán acreditar documentalmente a súa natureza e contía.

Artigo 3º.-*Entidades beneficiarias.*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións correspondentes aos programas de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero e mais de fomento da conciliación nas entidades locais, os concellos, individualmente ou a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios ou dun consorcio local constituídos exclusivamente polos concellos implicados.

2. Así mesmo, aqueles concellos que pertencen a unha mesma zona sen constituír mancomunidade, área metropolitana ou consorcio local e acorden

desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán ser beneficiarios das axudas correspondentes aos programas mencionados no punto anterior deste artigo. Neste suposto, todos os concellos quedan obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

3. Ningún concello poderá figurar nunha solicitude colectiva e subscribir outra individual para un mesmo programa.

4. O incumprimento destas normas dará lugar a inadmisión de todas as solicitudes individuais de subvención inscritas polo concello de que se trate, dando validez á solicitude realizada de forma conxunta.

5. Poderán ser beneficiarias das axudas correspondentes ao Programa de apoio aos centros de información ás mulleres as entidades locais (concellos ou mancomunidades) titulares de centros de información ás mulleres (CIM) acreditados segundo o establecido no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento. Estes requisitos deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

6. As entidades locais solicitantes deberán cumprir, en todo caso, os requisitos exixidos no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiarias.

Artigo 4º.-*Accións e gastos subvencionables.*

1. Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

1.1. Accións subvencionables.

1.1.1. Poderán ser obxecto de subvención ao abeiro deste programa as actuacións que se describen a continuación:

a) Accións de promoción da igualdade entre mulleres e homes.

a.1) Elaboración do plan para a igualdade entre mulleres e homes, que deberá conter un área de actuación específica relativa a medidas de prevención e eliminación da violencia de xénero.

a.2) Avaliación dos resultados do último plan para a igualdade entre mulleres e homes.

a.3) Accións de capacitación do persoal político e técnico respecto dos fundamentos teóricos e as ferramentas prácticas para a integración da perspectiva de xénero nas políticas locais.

a.4) Actividades dirixidas á poboación infantil e xuvenil para favorecer a coeducación, tanto no ámbito educativo, en colaboración cos centros educativos do municipio ou coas ANPAS, como no ámbito da familia ou na sociedade.

b) Accións de prevención e tratamento integral da violencia de xénero:

b.1) Consolidación e establecemento de estruturas de coordinación e cooperación entre os distintos

ámbitos políticos e profesionais de cara á eficaz prevención, detección e intervención na loita contra a violencia de xénero e protección das mulleres vítimas, das súas fillas e fillos, e das persoas delas dependentes.

b.2) Prevención, sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade.

b.3) Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero, coas súas fillas e fillos, así como coas persoas delas dependentes, procurando a recuperación da súa identidade e autonomía e a restauración dos seus proxectos vitais.

b.4) Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual, en xeral, e á prostitución en particular; propostas de acción e coordinación entre todos os axentes sociais.

1.1.2. Todas as actuacións mencionadas, excepto as recollidas nos puntos a.1) e a.2), para poder seren obxecto de subvención deberán estar recollidas no Plan de Igualdade da entidade local solicitante.

1.1.3. Cada entidade local só poderá presentar solicitude de subvención para unha actuación de promoción da igualdade entre mulleres e homes e para unha actuación de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. No caso das actuacións de promoción da igualdade, de non contar cun plan para a igualdade entre mulleres e homes en vigor, a súa solicitude será necesariamente para levar a cabo o dito plan. Así mesmo, de ter rematado a vixencia dun plan previo, só serán subvencionables, salvo que se presente documentación acreditativa de ter realizado xa estas actuacións, a súa avaliación ou, de tela xa feita e xustificada documentalmente, a elaboración do seguinte.

1.1.4. No suposto de solicitar a subvención para a realización de accións de capacitación do persoal político e técnico respecto dos fundamentos teóricos e as ferramentas prácticas para a integración da perspectiva de xénero nas políticas locais, a entidade deberá designar un grupo integrado por persoal técnico e político das concellarías que non contén con competencias en igualdade en que a incorporación da perspectiva de xénero se considere prioritaria, o cal será o destinatario das ditas accións.

1.2. Gastos subvencionables.

Terán a consideración de subvencionables ao abeiro deste programa os gastos seguintes:

a) Gastos de persoal necesario para a execución das actividades.

Serán subvencionables as retribucións totais do persoal contratado especificamente para a execución das actividades, tendo en conta a contía establecida na normativa aplicable por xornada real de traballo para os correspondentes grupos profesionais nos respectivos convenios colectivos.

Non serán subvencionables os gastos do persoal que non fora contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade subvencionada nin

os gastos do persoal pertencente aos centros de información ás mulleres de calquera das entidades locais de Galicia.

b) Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados:

-Elaboración de materiais.

-Gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade.

-Material de oficina: papel, impresos e outro material de oficina.

c) Outros gastos correntes directamente derivados da realización das actividades, que estean perfectamente xustificadas e se consideren fundamentais para o seu desenvolvemento.

1.3. A contía destas subvencións determinarase sobre a base da puntuación asignada en función dos criterios de valoración establecidos no artigo 9º.1, por proposta do órgano instructor, sen que poida exceder os 10.000 euros por cada entidade beneficiaria.

2. Programa de fomento da conciliación.

2.1. Accións subvencionables.

Poderán ser obxecto de subvención ao abeiro deste programa as diferentes medidas levadas a cabo coa finalidade da posta en marcha e desenvolvemento de:

a) Bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas empadroadas no correspondente concello a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

b) Plans de programación do tempo da cidade que, elaborados polos concellos, pretenden unha coordinación dos horarios da cidade coas esixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía.

c) Calquera outra medida, sempre que os seus obxectivos respondan ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares.

Cada entidade local só poderá presentar solicitude de subvención para unha actuación deste programa.

2.2. Gastos subvencionables.

Terán a consideración de subvencionables ao abeiro deste programa os gastos seguintes:

a) Gastos de persoal necesario para a execución das actividades.

Serán subvencionables as retribucións totais do persoal contratado especificamente para a posta en marcha e/ou desenvolvemento da correspondente medida de conciliación, tendo en conta a contía establecida na normativa aplicable por xornada real de traballo para os correspondentes grupos profesionais nos respectivos convenios colectivos. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non fose con-

tratado especificamente para o desenvolvemento da actividade subvencionada nin os gastos do persoal pertencente aos centros de información ás mulleres de calquera das entidades locais de Galicia.

b) Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados:

-Elaboración de materiais.

-Gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade.

-Material de oficina: papel, impresos e outro material de oficina.

c) Outros gastos correntes directamente derivados da realización das actividades que estean perfectamente xustificadas e se consideren fundamentais para o seu desenvolvemento.

2.3. Non poderán ser obxecto de subvención os gastos referidos a conceptos ou accións concretas polas que se tivese percibido subvención ao abeiro das convocatorias efectuadas polo departamento competente en materia de traballo.

2.4. A contía destas subvencións determinarase sobre a base da puntuación asignada en función dos criterios de valoración establecidos no artigo 9º.1, por proposta do órgano instructor, co límite máximo de 12.000 euros por cada entidade beneficiaria.

3. Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM).

3.1. Accións subvencionables.

Poderán ser obxecto de subvención ao abeiro deste programa as seguintes accións:

3.1.1. Existencia no cadro de persoal de postos de traballo vinculados ao CIM e ocupados por persoal funcionario ou laboral para o desempeño das funcións de dirección do departamento, asesoramento xurídico, asesoramento psicolóxico, animación sociocultural, fomento e dinamización da cooperación entre os CIM ou axentes de igualdade.

3.1.2. Contratación eventual ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico e psicolóxico e/ou para levar a cabo as funcións de animación sociocultural fomento e dinamización da cooperación entre os CIM ou axentes de igualdade.

3.2. Tipos de axuda e gastos subvencionables.

3.2.1. Incentivos aos postos de traballo vinculados ao CIM e ocupados por persoal funcionario ou laboral para o desempeño das funcións de dirección do departamento, asesoramento xurídico e asesoramento psicolóxico. Nos casos en que os postos non se atopan ocupados con carácter definitivo por estar en curso o proceso de oposición ou concurso correspondente, a administración titular do CIM presentará coa certificación de persoal a xustificación razoada da dita situación. As contías máximas por posto serán de 30.000 euros por posto ocupado a tempo completo dos grupos A1, A2 ou equivalente que teña atribuídas as funcións directivas, de asesoramento

xurídico ou de asesoramento psicolóxico. Cando se trate de ocupacións a tempo parcial, agás a dirección do CIM que sempre será a tempo completo, os incentivos serán como máximo de 18.000 euros.

3.2.2. Subvención de ata 14.000 euros por cada especialidade, para os custos directamente vinculados á contratación eventual ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico e asesoramento psicolóxico establecidos no Decreto 182/2004 no suposto de que a entidade local non conte no cadro de persoal do CIM con postos aos cales lles corresponda realizar estas funcións.

3.2.3. Axudas de incentivo de ate 25.000 euros para postos de traballo que teñan atribuídas as funcións de animación sociocultural, fomento e dinamización da cooperación entre os CIM ou axente de igualdade. Estes postos estarán ocupados a tempo completo e o persoal pertencerá aos grupos A1, A2, C1 ou equivalente. Cando os postos sexan ocupados a tempo parcial os incentivos serán de ata 15.000 euros.

3.2.4. Subvención nos termos establecidos na alínea 3.2.2 deste artigo, cando as entidades recorran á contratación eventual ou mercantil para levar a cabo as funcións de animación sociocultural, fomento e dinamización da cooperación entre os CIM ou axente de igualdade.

3.2.5. As contías sinaladas tanto para os incentivos como para a subvención son para o período de referencia establecido no punto 4 deste artigo. Estas cantidades reduciranse proporcionalmente naqueles casos en que a ocupación do posto nas condicións anteditas se producise por un período inferior ao de referencia.

En todo caso, o importe máximo que perciba cada entidade local ao abeiro do Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM) queda fixado en 45.000 euros, por mor disto, cando o número de postos dese lugar a un incentivo global superior a esta contía, este reducirase para dar cumprimento o establecido neste punto e o órgano concedente indicará os postos que quedan vinculados á axuda.

4. O período de referencia para a imputación dos gastos relativos a todas as axudas reguladas na presente resolución será o dos doce meses inmediatamente anteriores ao mes de decembro do exercicio da respectiva convocatoria.

5. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros, no suposto de subministracións ou de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas proveedoras, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a subministración, agás no caso de que polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades ou que os gastos se realizasen con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas achegarase na xustificación ou, de ser o caso, na solicitude de subvención e realizárase de conformidade cos criterios de eficiencia e

economía. Este extremo deberá xustificarse expresamente nunha memoria se a elección non recae na proposta económica máis vantaxosa.

6. Para os efectos destas axudas non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non susceptible de repercusión ou compensación.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse no formulario normalizado anexo II que corresponda segundo o programa solicitado e na forma e prazos que se indiquen na respectiva convocatoria.

2. A solicitude poderá formalizala:

a) O/a alcalde/sa presidente/a ou persoa en quen delegue.

b) O/a presidente/a da mancomunidade ou da área metropolitana, a xerencia do consorcio ou persoa en quen delegue.

c) O/a representante que se estableza no acordo de asociación, logo de delegación de cada un dos concellos.

En calquera dos casos, a persoa solicitante deberá ser autorizada e designada polo Pleno, pola Comisión de Goberno da entidade peticionaria ou por decreto da alcaldía.

3. Con cada solicitude é obrigatoria a presentación da seguinte documentación, que será imprescindible para a súa valoración:

3.1. Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero

a) Certificación do/a secretario/a da entidade sobre o acordo de solicitar a subvención (anexo III).

b) Para os concellos que se asocien para os efectos desta resolución, documento en que se acorde a colaboración dos concellos e certificación dos/as secretarios/as dos acordos do pleno ou da comisión de goberno nos cales delegan a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

c) Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade na que se exprese a non concorrencia dalgunha das circunstancias ás que se refire o artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o acordo coas actuacións de control e supervisión da Secretaría Xeral da Igualdade e, de ser o caso, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Inmigración e de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais (anexo IV).

d) Declaración de utilización de linguaxe non sexista nas relacións coa Administración e no desenvolvemento das actuacións subvencionables e, de ser o caso, compromiso de utilización da lingua galega (anexo IV).

e) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais ou, se é caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións (anexo V).

f) Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención (anexo VI).

g) Compromiso asinado pola persoa que formalice a solicitude de que as actuacións desenvoltas ao abeiro desta resolución serán elaboradas e/ou impartidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero segundo a actuación para a que se solicita a subvención (anexo IV).

h) Declaración das actuacións levadas a cabo pola entidade nos últimos 2 anos para a promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero e/ou fomento da conciliación, en que conste a denominación da actividade, a descripción do seu contido, o lugar e as datas de realización, o número de horas e o número de participantes, as entidades implicadas no seu desenvolvemento, de ser o caso, e a valoración dos obxectivos conseguidos (anexo VII).

i) Acreditación de que a entidade conta, entre os departamentos de goberno, cunha concellería de igualdade, de ser o caso (anexo IV).

j) Memoria detallada das actuacións previstas. Esta memoria fará referencia necesariamente aos seguintes aspectos:

-Xustificación da necesidade que se pretende cubrir e da conveniencia da realización das actuacións propostas, apoiada en datos relativos á realidade do concello ou entidade local solicitante.

-Obxectivos perseguidos polas ditas actuacións.

-Descrición da acción: contidos, metodoloxía, medios materiais e persoais precisos, duración, resultados previstos e persoas responsables da súa execución.

-Cronograma.

-Lugar e data de realización.

-Número estimado de persoas destinatarias da acción.

-Sistema de avaliación, mediante o establecemento de indicadores ou medidores cuantificables do grao de cumprimento do obxectivo ou obxectivos perseguidos.

Os dous últimos aspectos non serán necesarios no suposto de solicitar axuda para a realización da avaliación do Plan de Igualdade.

k) Plan de Igualdade en vigor en soporte electrónico, salvo que xa conste en poder da Secretaría Xeral da Igualdade, circunstancia que haberá que facer constar expresamente identificando o procedemento en que consta. No suposto de que a actuación sub-

vencionable fose a elaboración do II ou posteriores plans, deberase achegar, igualmente en soporte electrónico, o plan anterior e a súa avaliación.

l) No suposto de solicitar a subvención para a realización de actividades de capacitación do persoal político e técnico, relación, asinada polo órgano competente, do persoal da entidade designado para formar parte do grupo de traballo.

3.2. Programa de fomento da conciliación:

a) Certificación do/a secretario/a da entidade sobre o acordo de solicitar a subvención (anexo III).

b) Para os concellos que se asocien para os efectos desta resolución, documento en que se acorde a colaboración dos concellos e certificación dos/as secretarios/as dos acordos do pleno ou da comisión de goberno en que delegan a petición de subvención no concello que actúe como representante de todos eles.

c) Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade na que se exprese a non concorrencia dalgunha das circunstancias a que se refire o artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o acordo coas actuacións de control e supervisión da Secretaría Xeral da Igualdade e, de ser o caso, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Inmigración e, de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais (anexo IV).

d) Declaración de utilización de linguaxe non sexista nas relacións coa Administración e no desenvolvemento das actuacións subvencionables e, de ser o caso, compromiso de utilización da lingua galega (anexo IV).

e) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, ou, se é caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións (anexo V).

f) Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención (anexo VI).

g) Compromiso asinado pola persoa que formalice a solicitude de que as actuacións desenvoltas ao abeiro desta resolución serán elaboradas e/ou impartidas por profesionais con especialización acreditada na área de igualdade entre mulleres e homes (anexo IV)

h) Declaración das actuacións levadas a cabo pola entidade nos últimos 2 anos para a promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero e/ou fomento da conciliación, en que conste a denominación da actividade, a descripción do seu contido, o lugar e as datas de realización, o número de horas e o número de participantes, as entidades implicadas no seu desenvolvemento, de ser o caso, e a valoración dos obxectivos conseguidos (anexo VII).

i) Acreditación de que a entidade conta, entre os departamentos de goberno, cunha concellaría de igualdade, de ser o caso (anexo IV).

j) Memoria detallada das actuacións previstas. Esta memoria fará referencia necesariamente aos seguintes aspectos:

-Xustificación da necesidade que se pretende cubrir e da conveniencia da realización das actuacións propostas, apoiada en datos relativos á realidade do concello ou entidade local solicitante.

-Ámbito de influencia.

-Obxectivos perseguidos polas ditas actuacións.

-Descrición da acción: contidos, metodoloxía, medios materiais e persoais precisos, duración, resultados previstos e persoas responsables da súa execución.

-Cronograma.

-Número estimado de persoas destinatarias da acción.

-Lugar e data de realización.

-Sistema de avaliación, mediante o establecemento de indicadores ou medidores cuantificables do grao de cumprimento do obxectivo ou obxectivos perseguidos.

k) Xustificación de ter presentada ante o órgano competente da Xunta de Galicia a solicitude de validación da medida que se vai subvencionar. Só serán subvencionables as medidas para as cales se teña solicitado a validación antes do último día do prazo de presentación de solicitudes da correspondente convocatoria.

3.3. Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM).

a) Certificación do/a secretario/a da entidade sobre o acordo de solicitar a subvención (anexo III).

b) Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade na que se exprese a non concorrencia dalgunha das circunstancias a que se refire o artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o acordo coas actuacións de control e supervisión da Secretaría Xeral da Igualdade e, de ser o caso, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Inmigración e, de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais (anexo IV).

c) Declaración de utilización de linguaxe non sexista nas relacións coa Administración e no desenvolvemento das actuacións subvencionables e, de ser o caso, compromiso de utilización da lingua galega (anexo IV).

d) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, ou, se é caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións (anexo V).

e) Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención (anexo VI).

f) Compromiso asinado pola persoa que formalice a solicitude de que as actuacións desenvoltas ao abeiro desta resolución serán elaboradas e/ou impartidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero segundo a actuación para a que se solicita a subvención (anexo IV).

g) Ficha técnica definida para un período de doce meses anteriores ao mes de decembro do ano da convocatoria (anexo VIII).

h) Certificación dos servizos de persoal, ou órgano equivalente, relativa ao custo salarial de cada posto de traballo do CIM, que reflectirá, como mínimo, o tipo de contrato, o grupo ou categoría profesional, os requisitos e titulacións exixidas e data de alta ou toma de posesión, retribucións básicas e complementarias e cotizacións sociais, de ser o caso (anexo IX).

4. As entidades ateranse ás especificacións destas bases para a elaboración e presentación da súa solicitude, empregando obrigatoriamente os anexos normalizados para os documentos sinalados neste artigo. Estes formularios presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin rascaduras, dando lugar a inobservancia deste extremo á inadmisión da solicitude. Así mesmo, deben ter en conta que toda a documentación se debe achegar en papel tamaño DIN A4, sen usar grampas, espirais, carpetas clasificadoras, arquivadores, encadernacións ou calquera outro engadido ao papel que dificulte ou impida os procesos de tratamento, arquivo e dixitalización da documentación e supoña un gasto evitable e superfluo para as solicitantes; a presentación óptima realizárase coa documentación numerada e fixada mediante elementos metálicos tipo fastener ou clips de suxeición similares. Cómpre ter tamén en conta que o engadido de portadas á primeira folla dos modelos normalizados dificulta o proceso nos rexistros oficiais e a alta dos expedientes administrativos, polo que se deberá omitir esta práctica procurando que o selo do rexistro de entrada figure no anexo de solicitude.

5. A Secretaría Xeral da Igualdade reservará para si a facultade de solicitar a información complementaria que considere conveniente para a correcta definición, avaliación, seguimento e comprobación da solicitude presentada.

Artigo 6º.-*Consentimento e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras e comporta a autorización da entidade solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificacións telemáticas. Cando da actuación de oficio resultase que a entidade solicitante ou beneficiaria non se atopa ao día das súas obrigas tributarias e sociais, requirirá-

selle para que regularice a situación e presente por si mesma o correspondente certificado.

Para o trámite de adxudicación, estes certificados poderán ser substituídos por declaración responsable do órgano competente da entidade solicitante que se presentará xunto coa solicitude.

De conformidade co artigo 20º.3 da Lei 9/2007, se a persoa solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa figura no poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación débese manter vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a entidade solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Igualdade publicará na súa páxina web oficial a relación de entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. A Secretaría Xeral da Igualdade velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación dos expedientes correspondentes e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiras persoas; no obstante, a Secretaría Xeral da Igualdade revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e lle sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, que poderán exercerse, ben mediante escrito no que se achegue identificación suficiente, dirixido ao seguinte ende-

rezo: Secretaría Xeral da Igualdade, edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para estes efectos dispoñible na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 7º.-Instrución dos procedementos.

1. A instrución dos procedementos corresponde á Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. De conformidade co establecido no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, o órgano instrutor requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixesen, teranse por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución.

4. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59º, 60º e 61º da indicada Lei 30/1992, os citados requirimentos de emenda poderanse facer ben a través de notificación individualizada, ben mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo 8º.

7. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, que non conteñan a documentación necesaria, ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta. En todo caso, non se admitirán a trámite, procedéndose ao seu arquivo sen posibilidade de emenda, as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na correspondente convocatoria.

Artigo 8º.-Comisión de valoración.

1. Conforme o establecido no artigo 21º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia crearase unha comisión de valoración que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes

de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo 9º, de determinar o orzamento elixible en cada caso, así como de emitir un informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidenta: a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade ou persoa en que delegue.

Vogais: a xefa do Servizo de Fomento.

A xefa do Servizo de Planificación e Programación.

O xefe do Servizo de Promoción e Cooperación Institucional.

A xefa do Servizo de Prevención e Atención ás Vítimas.

Secretaria/o: exercerá a secretaría da comisión unha/un das/os vogais anteriormente sinaladas.

Se, por calquera causa, algunha das persoas que compoñen a comisión de valoración non puidese asistir cando esta se reúna para o exame das solicitudes, será substituída pola/o funcionaria/o designada/o para estes efectos pola súa presidenta.

2. A comisión de valoración, motivadamente, poderá requirir das entidades solicitantes das subvencións información ou documentación adicional, que non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

3. Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos no artigo 9º, a comisión de valoración emitirá un informe con base no cal o órgano instructor elevará unha proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada. Nesta proposta figurarán as solicitudes propostas para obter a axuda e o importe para cada unha delas, ata esgotar o crédito dispoñible. O resto das solicitudes consideradas subvencionables quedará en reserva para seren atendidas no suposto de quedar crédito libre por producirse algunha renuncia ou por modificación nos proxectos inicialmente presentados ou de producirse un incremento do crédito inicialmente dispoñible, de acordo co establecido no artigo 30º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para estes efectos poderanse realizar sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

1. Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero e Programa de fomento da conciliación nas entidades locais.

Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades peticionarias teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Interese e calidade do proxecto, actividade ou medida que se propón, valorada en función da xustificación da súa necesidade, a súa viabilidade e a

claridade expositiva: ata 50 puntos, que se desagregarán como segue:

-Xustificación da necesidade, viabilidade e claridade expositiva: ata 25 puntos.

-Coherencia da actuación proposta con accións de promoción da igualdade e conciliación cofinanciadas ou promovidas polos departamentos competentes da Administración autonómica: ata 25 puntos.

b) Compromiso da entidade coa igualdade entre homes e mulleres: ata 20 puntos.

b.1) Acreditación de ter constituída unha concellaría para a promoción da igualdade: 10 puntos.

b.2) Realización de actividades de promoción da igualdade, conciliación e/ou prevención e tratamento da violencia de xénero nos últimos dous anos: ata 10 puntos.

c) Grao de cofinanciamento das actuacións: ata 5 puntos, de acordo co seguinte baremo:

-Máis do 10% e ata o 20%: 1 punto.

-Máis do 20% e ata o 30%: 2 puntos.

-Máis do 30% e ata o 40%: 3 puntos.

-Máis do 40% e ata o 50%: 4 puntos.

-Máis do 50%: 5 puntos.

d) Municipio con poboación inferior a 5.000 habitantes: 5 puntos.

e) Rigor técnico-administrativo nas relacións institucionais: ata 10 puntos.

f) Presentación de toda a documentación relativa ao procedemento en galego e compromiso do seu uso no desenvolvemento das actuacións para as que se solicita a axuda: 10 puntos.

2. Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM).

Os criterios que servirán de base para a determinación da porcentaxe aplicable para o cálculo da contía dos incentivos e da subvención para os custos da contratación de servizos profesionais nos CIM serán os seguintes:

a) Amplitude horaria na prestación dos servizos básicos: ata 30 puntos, que se desagregarán como segue:

a.1) Atención xurídica prestada en horario superior a 6 horas/semana: ata 15 puntos.

a.2) Atención psicolóxica prestada en horario superior a 6 horas/semana: ata 15 puntos.

b) Calidade do servizo: máximo 30 puntos.

b.1) CIM con financiamento deste departamento no exercicio anterior e rendemento estimado segundo o cumprimento de obxectivos e a súa xustificación: ata 10 puntos.

b.2) Rigor técnico-administrativo na prestación de servizos ás usuarias e nas relacións institucionais: ata 10 puntos.

b.3) Existencia de persoal que desenvolva as funcións de animación sociocultural, fomento da cooperación entre os CIM ou axente de igualdade: 10 puntos.

c) Estabilidade no emprego dos cadros de persoal do CIM: máximo 30 puntos.

c.1) Desempeño das funcións de dirección por persoal funcionario de carreira ou laboral fixo: 10 puntos.

c.2) Desempeño das funcións de asesoramento xurídico por persoal funcionario de carreira ou laboral fixo: 10 puntos.

c.3) Desempeño das funcións de asesoramento psicolóxico por persoal funcionario de carreira ou laboral fixo: 10 puntos.

d) Presentación de toda a documentación relativa ao procedemento en galego e compromiso do seu uso no desenvolvemento das actuacións propias do centro: 10 puntos.

3. Atendendo ao disposto no artigo 1º destas bases e segundo cada tipo de axuda, á solicitude que acadará maior puntuación corresponderalle unha axuda do 100% do orzamento elixible; en caso contrario, a contía da axuda reducirase proporcionalmente. En caso de que máis dunha proposta obteña a mesma puntuación e non sexa posible por razóns orzamentarias adxudicar axuda a todas elas, o desempate establecerase en función das puntuacións máis altas segundo as epígrafes parciais dos criterios, empezando pola letra a).

Artigo 10º.-*Resolución e notificación.*

1. Correspóndelle á secretaria xeral da Igualdade, de acordo co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a proposta do órgano instructor e logo de fiscalización pola intervención delegada, a resolución destas axudas.

2. O prazo para resolver será o establecido na correspondente convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que tivese recaído resolución expresa, entenderase desestimada.

3. A publicidade das subvencións realizarase segundo dispón a normativa vixente. Nos cinco días seguintes á notificación da concesión publicarase na páxina web oficial da Secretaría Xeral da Igualdade a relación de beneficiarias con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a finalidade, segundo indica o artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59º.6 b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a entidade beneficiaria, a

cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como as solicitudes desestimadas con expresión dos motivos da desestimación.

5. Na resolución de concesión informaráselles ás entidades beneficiarias de que a obtención de axuda comunitaria implica a aparición na lista pública de persoas beneficiarias que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7º.2 d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007) e de que na devandita lista figurarán os datos de identidade ou denominación social, das operacións e da contía de fondos públicos asignada a cada operación.

Artigo 11º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro desta resolución poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 12º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17º.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-*Obrigas das entidades beneficiarias.*

As entidades beneficiarias das subvencións adquiren os seguintes compromisos e obrigas, de conformidade co establecido no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

a) Realizar a actividade ou conduta que fundamenta a concesión da subvención sen que proceda ningún cambio no obxecto para o que se concedeu a axuda.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade subvencionada, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou desfrute da axuda.

c) Manter un sistema de contabilidade con codificación adecuada que permita identificar todas as transaccións realizadas relativas ao proxecto subvencionado e conservar os documentos xustificativos por un período de tres anos a partir do peche do programa operativo (ata o ano 2018).

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera variación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

f) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da comunidade autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo, do Ministerio de Traballo e Inmigración, e da Secretaría Xeral da Igualdade, para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

g) Facilitarlle ao persoal designado pola Secretaría Xeral da Igualdade, para a verificación do cumprimento do disposto nestas bases, o acceso ás instalacións onde se leven a cabo as accións subvencionadas e a toda a documentación de carácter técnico, administrativo ou contable que teña relación coa subvención concedida. No caso de estar permitida a subcontratación de acordo co establecido no artigo 14º, as/os subcontratistas están obrigadas/os a facilitaren ao persoal de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

h) Cumprir co resto de requisitos e obrigas recollidas nos artigos 10º e 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Reintegrar totalmente o importe percibido da subvención concedida así como os correspondentes xuros de demora devengados desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

-Incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.

-Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta resolución.

-Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

-Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non-adopción do comportamento que fundamentou a subvención.

-Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas percibidas para a mesma finalidade de calquera administración ou ente público ou privado.

-Nos demais supostos previstos na normativa aplicable.

Cando o cumprimento se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos compromisos adquiridos, a cantidade a reintegrar parcialmente responderá ao principio de proporcionalidade e determinarase aplicando os mesmos criterios de avaliación que se empregaron para a concesión referidos á realidade finalmente comprobada.

j) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e de acordo co disposto no Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Feder, ao FSE e ao Fondo de Cohesión.

Artigo 14º.-Subcontratación.

1. As actuacións subvencionadas correspondentes ao Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM) quedan excluídas da posibilidade de subcontratación; o resto poderá ser obxecto de subcontratación total ou parcial, tendo en conta o disposto neste artigo e de acordo co establecido no artigo 27º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Todo procedemento de contratación deberá respectar os principios de transparencia, publicidade e libre concorrencia, estando as persoas subcontratistas obrigadas a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actuacións subcontratadas.

3. As/os subcontratistas quedarán obrigadas/os soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade fronte á Administración. As entidades beneficiarias das subvencións serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiras persoas se respecten os límites establecidos nestas bases reguladoras en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles aos/ás subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

4. As/os subcontratistas están obrigadas/os a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

5. En ningún caso poderá concertar a entidade beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10º da Lei 9/2007.

b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios/as ou asesores/as cuxos pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas coa entidade beneficiaria, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Artigo 15º.-*Responsabilidade.*

A organización e materialización das accións obxecto de subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria. A actuación da Secretaría Xeral da Igualdade quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

Artigo 16º.-*Xustificación da subvención.*

1. Conforme o establecido no artigo 48º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para cobrar as axudas concedidas ao abeiro desta resolución as entidades beneficiarias deberán presentar, no prazo e lugares sinalados no artigo 5º da respectiva convocatoria, os orixinais da seguinte documentación:

1.1. Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero:

a) Solicitude de cobramento asinada segundo o modelo do anexo X.

b) Certificación de gastos realizados e da súa finalidade (anexo XI).

c) Declaración de axudas actualizada á data de xustificación (anexo V).

d) Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente acreditativas dos gastos subvencionados xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. No caso de nóminas, acompañaranse dos seguros sociais e da retención a conta do imposto do IRPF xunto cos xustificantes bancarios que acrediten os seus pagamentos.

e) Memoria de execución da actividade, que para actuacións distintas da elaboración ou avaliación dun plan de igualdade deberá prever como mínimo: descrición das actuacións desenvolvidas (lugar e data de realización, duración, contidos e metodoloxía empregada no seu desenvolvemento), valoración

do cumprimento dos obxectivos, valoración global da actividade e do seu impacto en relación cos resultados previstos, publicidade e divulgación que se realizou e, se é o caso, número de persoas participantes desagregadas por sexo. No caso de que a actuación subvencionada fose a avaliación dun plan de igualdade, a memoria deberá recoller a metodoloxía empregada, a valoración cuantitativa e cualitativa dos resultados en relación cos obxectivos e actuacións propostos no plan e a identificación das áreas de mellora. Para o suposto de que a acción subvencionada fose a realización dun plan de igualdade entenderase cuberto este punto coa achega do dito plan, no cal debe constar expresamente a metodoloxía empregada para a súa realización.

f) Un exemplar de todos os materiais elaborados (carteis, folletos, enquisas, material didáctico, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc* e que complemente a xustificación da actividade subvencionada).

1.2. Programa de fomento da conciliación:

a) Solicitude de cobramento asinada segundo o modelo do anexo X.

b) Certificación de gastos realizados e da súa finalidade (anexo XI).

c) Declaración de axudas actualizada á data de xustificación (anexo V).

d) Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente acreditativas dos gastos subvencionados, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. No caso de nóminas, acompañaranse dos seguros sociais e da retención a conta do imposto do IRPF, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento.

e) Memoria de execución da medida, que deberá prever como mínimo: descrición das actuacións desenvolvidas (lugar e data de realización, duración, contidos e metodoloxía empregada no seu desenvolvemento), valoración do cumprimento dos obxectivos, valoración global da actividade e do seu impacto en relación cos resultados previstos, publicidade e divulgación que se realizou e, se é o caso, número de persoas participantes desagregadas por sexo.

f) Un exemplar de todos os materiais elaborados (carteis, folletos, enquisas, material didáctico, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc* e que complemente a xustificación da actividade subvencionada).

1.3. Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM):

a) Solicitude de cobramento asinada segundo o modelo do anexo X.

b) Certificación de gastos realizados e da súa finalidade (anexo XI).

c) Declaración de axudas actualizada á data de xustificación (anexo V).

d) Certificado de persoal (anexo IX).

e) No suposto de que a subvención fose concedida para gastos de persoal derivados de contratacións eventuais ou mercantís: facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente acreditativos dos gastos subvencionados, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. No caso de nóminas, acompañaranse dos seguros sociais e da retención a conta do imposto do IRPF, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento.

2. Para os efectos do establecido nestas bases, a condición de elixibilidade do gasto imputable a unha actuación deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa un gasto directo da acción, que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence a actuación, que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se realice dentro do período establecido, que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (ex.: nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social) e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación, agás que se trate de gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos da acción liquidables con posterioridade a esta data; neste caso, o período de elixibilidade excede o prazo de xustificación e abrangue ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria. En todo caso, observarase o cumprimento das condicións establecidas na Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013 e na Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, que a modifica.

3. As facturas, ou documentos equivalentes ou substitutivos, presentaranse en orixinal e serán seladas pola Secretaría Xeral da Igualdade cun selo que indicará o procedemento para o que se presentan e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada.

4. A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria, etc.) nos que consten o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

5. As entidades beneficiarias deberán acreditar, na xustificación, de maneira documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas...) o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

6. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle de que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á esixencia dos xuros de demora.

Artigo 17º.-Pagamento.

1. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

2. Realizarase un primeiro pagamento do 80% da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo no momento de notificación da resolución. O 20% restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da completa xustificación polas entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e demais condicións exixidas nesta resolución.

3. Antes de proceder ao pagamento da liquidación final o órgano xestor incorporará ao expediente a acreditación de que as entidades adjudicatarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración da comunidade autónoma.

4. Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

5. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificada coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando as entidades beneficiarias obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.

Artigo 18º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento.

mento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 19º.-*Control.*

1. A Secretaría Xeral da Igualdade poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nestas bases.

2. Sen prexuízo do indicado no punto anterior, a Secretaría Xeral da Igualdade poderá realizar, con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles extremos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados nestas bases.

3. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a entidade á que se lle entregará unha copia, e presentará ao órgano competente da Secretaría Xeral da Igualdade xunto co informe de verificación. A entidade queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

4. Ademais do anterior, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 20º.-*Publicidade e información.*

1. As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o financiamento dos seus activos con fondos da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade e do Fondo Social Europeo. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo no cal aparezan os anagramas da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo en aplicación do disposto na normativa aplicable. Na páxina web oficial da Secretaría Xeral da Igualdade informarase das

